



**PROCEDIMENTO PARA A
ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL DOS
CENTROS DAS UNIVERSIDADES DO
SUG**

Edita:

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5ª planta
15.702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 534173 – Fax: 981 534174

E-mail: acsug@acsug.es; verifica@acsug.es

Páxina Web: www.acsug.es

Versión 1: Xullo do 2018

Aprobada na Comisión [Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación](#) (CGIACA): 17.07.2018

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a súa reprodución total ou parcial sempre que se cite o seu título e a mais a “Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia” como editora.

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA



ACSUG está rexistrada en EQAR



ACSUG é membro de ECA



ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. O Sistema de Xestión Medioambiental está verificado positivamente segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



ACSUG cumpre coa lexislación vixente en relación á protección de datos



ÍNDICE

- 1. Marco de referencia**
- 2. Requisitos**
- 3. Prazos**
- 4. Comisi3ns de Avaliaci3n**
- 5. Procedemento**
 - 5.1. Solicitude**
 - 5.2. Avaliaci3n pola ACSUG**
 - 5.2.1. Comprobaci3n dos requisitos**
 - 5.2.2. Informe da ACSUG**
 - 5.3. Notificaci3n e resoluci3n**
- 6. Efectos da Acreditaci3n Institucional**
- 7. Seguimento e renovaci3n da Acreditaci3n Institucional**

1. Marco de referencia

O Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, regula no seu capítulo III a acreditación institucional de centros de universidades públicas e privadas como alternativa ao modelo de acreditación de títulos universitarios oficiais (regulado no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais). No seu artigo 14, o devandito Real Decreto regula os aspectos relativos á solicitude da acreditación institucional, aos requisitos que os centros universitarios teñen que cumprir para a súa obtención e mais ao seu período de vixencia, que se estableceu en cinco anos. Ademais, regula tamén o prazo e o procedemento de renovación da acreditación institucional que se deberá levar a efecto antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data de obtención da primeira resolución de acreditación, ou seguintes, do *Consejo de Universidades*.

O artigo 27 ter do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, introducido polo Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, establece que:

- ✓ As universidades con centros que obtiveran a acreditación institucional poderán, no entanto manteñan os seus efectos, renovar a acreditación das titulacións oficiais que impartan sen necesidade de se someteren ao procedemento previsto no artigo 27 bis.
- ✓ Todas as titulacións oficiais da universidade correspondentes ao centro acreditado incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional do *Consejo de Universidades*.

A Secretaría Xeral de Universidades, co fin de precisar e aclarar aspectos sobre o procedemento de acreditación institucional de centros de universidades públicas e privadas, mediante Resolución do 7 de marzo do 2018, publica instrucións sobre o devandito procedemento para a acreditación institucional.

Tendo en conta esta normativa vixente e mais os *Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior*, será a ACSUG, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a encargada de realizar a valoración para a acreditación institucional dos centros das universidades galegas.

Para iso, a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), na súa sesión do 17 de xullo de 2018, aprobou este documento, co fin de establecer o procedemento de acreditación institucional de centros do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

2. Requisitos

Para obter a acreditación institucional os centros universitarios terán que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Renovar a acreditación inicial de polo menos a metade dos títulos oficiais de grao e máster que impartan de acordo ao procedemento xeral previsto no artigo 27 bis do Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais. Para os efectos do seu cumprimento, tal como se indica nas instrucións publicadas mediante a Resolución do 7 de marzo do 2018, da Secretaría Xeral de Universidades, requirirase a renovación da acreditación de, polo menos, a metade dos títulos universitarios oficiais de Grao e, de, polo menos, a metade dos títulos universitarios oficiais de Máster.

Ademais, computarán para o cumprimento deste requisito todos os títulos universitarios oficiais de Grao e de Máster inscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) que non estean declarados a extinguir e que se estean a impartir de maneira efectiva na data da solicitude.

No caso de títulos conxuntos interuniversitarios, estes só computarán no centro da Universidade que figure como solicitante no RUCT.

Cando un título se imparta en varios centros, propios ou adscritos, da mesma universidade, para obter a acreditación institucional de calquera dos centros implicados, previamente este título debe obter a renovación da acreditación conforme ao procedemento establecido no artigo 27 bis do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

- b) Contar coa certificación da implantación do seu sistema de garantía interno de calidade, orientado á mellora continua da formación que se lles ofrece aos estudantes, de acordo ao establecido no apartado 9 do anexo I do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e conforme aos criterios e directrices para o aseguramento da calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG).

A este respecto, o sistema certificado deberá cumprir os requirimentos establecidos na Comisión Delegada da Conferencia Xeral de Política Universitaria, na súa sesión do 21 de novembro do 2017. En calquera caso, cumpren estes requisitos os centros que teñan certificada a implantación do seu sistema de garantía de calidade baixo o programa FIDES-AUDIT de ACSUG.

3. Prazos

- ACSUG establece unha convocatoria aberta. O mes de agosto considérase inhábil para os efectos dos prazos de instrución e emisión de informe de avaliación neste procedemento.
- Recibida a solicitude, ACSUG comprobará os datos proporcionados comparándoos cos inscritos no RUCT. Se a documentación achegada estivese incompleta ou contivese erros emendables, requiriráselle ao solicitante que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer así, considerárase que desistiu da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tal e como establece o apartado 2.2 da Resolución do 7 de marzo do 2018, *"O órgano de avaliación correspondente emitirá un informe de avaliación vinculante para o Consejo de Universidades, que será favorable ou desfavorable. O devandito informe terá carácter preceptivo e poderá suspender o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento nos termos previstos no inciso d, apartado 1, do artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.*

O órgano de avaliación notificaralle á universidade a suspensión do devandito prazo, que computará desde a data de rexistro da solicitude da universidade. Esta notificación chegarase ao expediente. De non se suspender o devandito

prazo, o órgano de avaliación terá un prazo máximo de dous meses para emitir o informe, a contar desde a data de rexistro da solicitude”.

- Unha vez recibido o informe da ACSUG, o *Consejo de Universidades* ditará a correspondente resolución antes de tres meses, a contar desde a data de rexistro da solicitude da universidade.

4. Comisións de avaliación

4.1. Comisión de Avaliación para a Acreditación Institucional

O proceso de avaliación para a Acreditación Institucional levarao a cabo unha Comisión nomeada para ese efecto pola CGIACA, seguindo os criterios establecidos no *Procedemento de avaliación da ACSUG* do 1 de decembro do 2016, que está publicado na súa web.

A Comisión de avaliación para a Acreditación Institucional será a encargada de realizar a revisión e análise da documentación e de elaborar o Informe de avaliación pertinente. Constituirana membros internos e externos da ACSUG. Velaquí a súa composición:

- ✓ Director da ACSUG. Exercerá a presidencia.
- ✓ Persoal Técnico da ACSUG. Exercerá a función de secretaría con voz pero sen voto.
- ✓ Un vogal académico, externo ao SUG. Persoal académico con experiencia en procesos de avaliación de títulos ou centros universitarios, ou ben no deseño ou implantación de sistemas de garantía da calidade.
- ✓ Un vogal estudante, preferentemente do SUG. Estudante dos últimos cursos de grao, máster ou doutoramento, con formación e experiencia en avaliación.

4.2. Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)

A CGIACA é o órgano superior de avaliación da ACSUG que exerce con independencia as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación. Tamén é a encargada da proposta de nomeamento das Comisións de avaliación.

A CGIACA emite o informe final nos diferentes procedementos de avaliación, unha vez analizada a proposta de informe realizada polas Comisións de Avaliación nomeadas para ese efecto. Este informe final será favorable ou desfavorable e remitiráselles aos organismos establecidos en cada procedemento e que se detallan nas guías de avaliación de cada proceso.

5. Procedemento

5.1. Solicitud

As universidades interesadas presentarán a solicitude de Acreditación Institucional, debidamente subscripta polo reitor ou reitora, ante a Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), conforme ao formulario de solicitude dispoñible na aplicación da ACSUG para a avaliación de títulos e centros <https://avalia.acsug.es/>. Unha vez cuberta a solicitude débese enviar á ACSUG a través de calquera rexistro dos relacionados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A solicitude debe conter información e documentación sobre:

- ✓ Universidade solicitante.
- ✓ Responsable, representante legal e solicitante.
- ✓ Centro que solicita a Acreditación Institucional: código e denominación, de acordo cos datos inscritos no RUCT.
- ✓ Listaxe de todos os títulos universitarios oficiais de Grao e de Máster que se estean a impartir na data da solicitude no centro que solicita a acreditación, na que conste a denominación, código e estado de cada un deles, de acordo cos datos inscritos no RUCT.
- ✓ Certificación do Reitor ou Reitora na que se faga constar que os títulos relacionados na solicitude se están a impartir de maneira efectiva na data na que se presenta.
- ✓ Certificado de implantación do sistema de garantía de calidade do centro (SGC) que solicita a acreditación.

5.2. Avaliación por ACSUG

5.2.1. Comprobación dos requisitos

Unha vez recibida a solicitude, a ACSUG comprobará os datos proporcionados comparándoos cos inscritos no RUCT.

Se a documentación achegada estivese incompleta ou contivese erros emendables, requiriráselle á universidade que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non o facer así, considerarase que desistiu da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.2.2. Informe da ACSUG

Revisada a documentación e realizada a avaliación pola Comisión de Avaliación para a Acreditación Institucional, ACSUG emitirá un informe de avaliación vinculante para o *Consejo de Universidades*, que será favorable ou desfavorable. Xunto co devandito informe remitirase tamén a solicitude e a documentación achegada pola universidade, a través do servizo web que o Ministerio habilite para o efecto.

ACSUG notificaralle á Universidade o envío do devandito informe ao *Consejo de Universidades*.

5.3. Notificación e resolución

Unha vez recibido o informe do órgano de avaliación, o *Consejo de Universidades* ditará a correspondente resolución antes de tres meses, a contar desde a data de rexistro da solicitude da universidade. Tal resolución seralle comunicada ao *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*, á comunidade autónoma, á universidade solicitante e á ACSUG.

A falta de resolución expresa no devandito prazo permitirá considerar estimada a solicitude.

A resolución poderá ser estimatoria ou desestimatoria. Contra esta resolución a universidade poderá presentar recurso ante a Presidencia do *Consejo de Universidades* no prazo máximo dun mes a contar desde a data da súa notificación.

Este procedemento substanciarase de acordo co procedemento establecido nos apartados 9 e seguintes do artigo 25 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

No caso de ser admitida a trámite a reclamación, esta será valorada pola comisión designada para o efecto e formada por expertos que non interviñesen na avaliación que conduciu á resolución desestimatoria. Esta comisión examinará o expediente relativo á acreditación institucional para velar polas garantías establecidas e poderá ratificar a resolución ou, no seu caso, aceptar a reclamación e remitila á ACSUG, indicando de xeito concreto os aspectos da avaliación que deben ser revisados. Farao nun prazo máximo de tres meses, a contar desde a interposición da reclamación.

O exame da reclamación basearase exclusivamente na documentación contida no expediente, polo que non será obxecto de consideración información adicional á achegada durante o proceso de avaliación fóra de posibles aclaracións sobre a información inicialmente presentada que a ACSUG solicitara.

ACSUG analizará os aspectos sinalados polo *Consejo de Universidades* e remitirá o correspondente informe no prazo máximo dun mes. Recibido o informe, o *Consejo de Universidades* emitirá a resolución definitiva no prazo de dous meses, que esgotará a vía administrativa, e comunicarllela á universidade, á correspondente comunidade autónoma, ao *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades* e á ACSUG. A falta de resolución expresa no devandito prazo permitirá considerar desestimada a reclamación.

6. Efectos da Acreditación Institucional

No caso de que o *Consejo de Universidades* dite unha resolución estimatoria procederase á inscrición do centro acreditado no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

Todos os títulos universitarios oficiais de Grao e Máster correspondentes ao centro acreditado, incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional do *Consejo de Universidades*. Idéntico criterio aplicaráselles aos títulos universitarios oficiais de Grao e Máster que se impartan en varios centros da mesma universidade e mais, de ser o caso, aos títulos conxuntos dos que a universidade conste como solicitante no RUCT.

No caso de que o *Consejo de Universidades* dite unha resolución desestimatoria, a universidade deberá solicitar a renovación da acreditación dos seus títulos universitarios oficiais de acordo co artigo 27.bis do Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro, nos prazos establecidos no artigo 24.2.

7. Seguimento e renovación da Acreditación Institucional

A renovación da acreditación institucional deberase levar a efecto antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data de obtención da primeira resolución de acreditación.

O procedemento para realizar a renovación da acreditación institucional será desenvolvido pola ACSUG, atendendo aos acordos adoptados por REACU e seguindo o protocolo xeral que por proposta do *Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades* se estableza no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

ACSUG realizará o seguimento institucional dos centros acreditados, dentro do período comprendido entre a acreditación inicial do centro e a renovación da acreditación. Por normal xeral, ACSUG realizará un informe de seguimento por centro transcorridos 3 anos desde a acreditación institucional. Como excepción, poden ser obxecto de avaliación aqueles centros nos que se detectasen deficiencias importantes que puidesen supoñer un risco para a calidade mínima esixible dalgún dos títulos de grao e/ou máster impartidos no centro.